

Monte da Fraga

Memoria de actividades

Ano 2023

Ref.: CONVENIO SECTORIAL DE COLABORACIÓN ENTRE A CONCELLARÍA DE MEDIO AMBIENTE DO CONCELLO DA CORUÑA E A OFICINA DE MEDIO AMBIENTE DA UNIVERSIDADE DA CORUÑA PARA A EXECUCIÓN DO PROXECTO DE CUSTODIA E VOLUNTARIADO AMBIENTAL NO MONTE DA FRAGA, NO ANO 2023.



Ayuntamiento de A Coruña
Concello da Coruña



Oficina de Medio Ambiente
UNIVERSIDADE DA CORUÑA



Índice

01

Introducción

02

Liñas de acción

03

Calendario

04

Actividades
custodia

05

Traballos
mantemento

06


Resultados e
participación



01. Introducción

En 2006, a Universidade da Coruña restaurou o espazo forestal situado entre as facultades de Ciencias e Filloxía, que ata aquel momento era un eucaliptal cunha biodiversidade moi pobre, descoidado e sen xestión silvícola. Tras eliminar boa parte dos eucaliptos, este espazo foi reforestado con especies autóctonas representativas dos bosques galegos. Deste xeito, naceu o Monte da Fraga (MdF), cunha rica biodiversidade de fauna e flora, converténdose nun espazo de lecer para a vida no Campus, nun lugar para a experimentación e a investigación ligada principalmente á Facultade de Ciencias, pero tamén a paisaxismo e outras disciplinas, e nun pequeno pulmón para a cidade da Coruña, axudando a diminuír as emisións de CO₂.

Dez anos máis tarde, este espazo incorporouse á figura de Custodia do Territorio, unha estratexia de conservación definida pola Lei 42/2007, do 13 de decembro, de Patrimonio Natural e da Biodiversidade, segundo a cal: Administracións Públicas fomentarán a custodia do territorio mediante acordos entre entidades de custodia e propietarios de fincas privadas ou públicas que teñan por obxectivo principal a conservación do patrimonio natural e a biodiversidade.



Este proxecto lévase a cabo coa participación do Concello da Coruña, mediante o “CONVENIO SECTORIAL DE COLABORACIÓN ENTRE A CONCELLARÍA DE MEDIO AMBIENTE DO CONCELLO DA CORUÑA E A OFICINA DE MEDIO AMBIENTE DA UNIVERSIDADE DA CORUÑA PARA A EXECUCIÓN DO PROXECTO DE CUSTODIA E VOLUNTARIADO AMBIENTAL NO MONTE DA FRAGA, NO ANO 2023” asinado por vez primeira en outubro de 2017. Dende entón, renóvase anualmente, recibindo en 2023 a sétima renovación.

A custodia do territorio no Monte da Fraga baséase en dous piares principais:

- Usos universitarios do espazo, en particular os relacionados coa docencia, a investigación, a formación e a sensibilización ambiental de toda a comunidade universitaria.
- A promoción da participación da cidadanía local na conservación do medio natural. Neste eido lévase a cabo mediante asociacións que traballan na activación social e na educación ambiental. Concretamente, os colectivos ADEGA (Asociación para a Defensa Ecolóxica de Galicia) e Grupo Naturalista Hábitat, están a desenvolver diferentes actividades de estudo, conservación e sensibilización ambiental dende a primeira convocatoria.



02. Liñas de acción

A Universidade da Coruña coordinou as actividades de educación e voluntariado ambiental levadas a cabo no Monte da Fraga a través da Oficina de Medio Ambiente (OMA-UDC). A educación e o voluntariado ambiental son ferramentas moi útiles para a conservación e a mellora do entorno e para a xestión ambiental: axudan a detectar problemas emerxentes, sensibilizan e conciencian á sociedade e tratan de comprometela co medio ambiente.

Todas as actividades teñen o obxectivo de dar a coñecer o Monte da Fraga e os valores naturais do campus de Elviña e da Zapateira, converténdose en espazo de conexión Campus-Cidade. A través delas, preténdese concienciar tanto á comunidade universitaria coma a cidadanía da Coruña sobre a importancia da protección e a conservación da biodiversidade.

Na convocatoria de 2023 a OMA-UDC, coa colaboración e participación de entidades ecoloxistas e de educación e divulgación ambiental, realizáronse as seguintes actividades:



Actividades de voluntariado e educación ambiental abertas ao público.



Coordinación de actividades e elaboración deste informe final a modo de memoria anual.



Actuacións pola erradicación de especies exóticas invasoras e reforestación con autóctonas.



Actividades de supervisión da situación actual de conservación do espazo.



02. Liñas de acción

Continuouse coas actividades de educación e voluntariado ambiental, tanto para a comunidade universitaria coma para as persoas alleas, incluíndo actividades en fin de semana para facilitar a participación a toda a cidadanía e favorecer o achegamento Cidade-Campus. Con estas actividades tentouse promover o coidado do entorno e a sensibilización ambiental.

Así mesmo, continuouse cos traballos realizados en anos anteriores para a eliminación das especies exóticas invasoras (EEI), como son o eucalipto, a cortadeira ou a buddleia, entre outras. Esta problemática afecta aos Campus da UDC e ao Monte da Fraga, ao igual que a moitos espazos naturais da contorna.

Tamén se continuaron os traballos de custodia do territorio, con coidado e mellora de espazos e hábitats para a ampliación e conservación da biodiversidade e outras accións que implican unha xestión ecolóxica do monte. Tamén, por segundo ano consecutivo, atendeuse a posta en valor do patrimonio cultural de pedra seca, mediante a restauración dos valados presentes no Monte da Fraga.

Por último, inclúense a elaboración de informes sectoriais de seguimento e este informe final anual, como rexistro de todas as actividades.



03. Calendario

A seguinte táboa mostra as actividades realizadas no ano 2023, ordenadas cronoloxicamente, mostrando a entidade que desenvolveu a tarefa e o número de participantes, así como distinguindo o tipo de actividade co seguinte código de cor:

	Voluntariado ambiental e sensibilización		Obradoiros, roteiros e saídas de campo		Palestras, exposicións e outras actividades
--	--	--	--	--	---



DATA		ENTIDADE	TÍTULO	PARTICIPANTES
FEBREIRO	2	ADEGA	Reacondicionamento charca da biodiversidade	8
	14		Eliminación EEI	8
MARZO	29	ADEGA	Proxecto Ríos: Inspección de primavera	18
	31			47
XUÑO	5	OMA-GC Ciencias	Entrega de premios da II Edición do Concurso de fotografía: Flora e Fauna na contorna da UDC	13
SETEMBRO	22	OMA	XVI Limpeza Simultánea de Ríos: Limpeza do río Lagar	2
	24	GN Hábitat	Ilustración da natureza no MdF	25
OUTUBRO	10	OMA	Limpeza do entorno natural no MdF	3
	23-25	UDC Bigbang	VIII Semana dos Cogumelos	200
	24	ADEGA	'Charcas con vida'	3
	25	UDC Bigbang	Saída de campo e identificación de fungos no MdF	20
		OMA	Debate e roteiro: Turismo responsable	7
	26	GN Hábitat	Montaxe de caixas niño	21
	NOVEMBRO	10	Amarelas	Baño de bosque
23	ADEGA	Eliminación EEI	6	
		Reparación de valados	10	
		Proxecto Ríos: Inspección de outono	16	
DECEMBRO	2	GN Hábitat	Descuberta de biodiversidade do MdF	21

04. Actividades custodia

Reacondicionamento da charca da biodiversidade do MdF

ACTIVIDADE TIPO: Voluntariado ambiental e sensibilización

ENTIDADE RESPONSÁBEL: ADEGA

LUGAR E DATA(S): Charca do Monte da Fraga, 2 de febreiro, 24 de outubro.

PARTICIPACIÓN TOTAL: 10

A charca presente no Monte da Fraga foi construída no ano 2014 e require labores de mantemento continuadas, levadas acabo mediante o voluntariado ambiental ou traballo técnico.

Unha profunda reparación iniciouse xa hai dous anos, impermeabilizando correctamente o substrato con lona EPDM, fibra de coco e arxila. Logo da mellora técnica, en febreiro procedeuse a plantar unha serie de plantas autóctonas que contribuíron ao aumento da biodiversidade na charca. Así mesmo, en outubro preparouse a contorna da charca para poder facer un estaquillado posterior, contribuíndo ao obxectivo de aumentar a flora (e por ende fauna) da charca.



IX OUTUBRO UDC SAUDABLE
VOLUNTARIADO EN CHARCAS CON VIDA: ESTAQUILLADO
24 DE OUTUBRO

Programa:

- 11.00h Encontro na porta da Fac de Ciencias (A Zapateira)
- 11.10h Breve presentación: Preparación da contorna da charca e estaquillado.
- 13.00h Remate da actividade

Se non podes estar no horario completo anótate igual e indica a túa dispoñibilidade. (Mínimo 1h)



Accións de A. Coruña
Santalla de Coruña

UDC Saudable

Oficina de Medio Ambiente
UNIVERSIDADE DA CORUÑA

04. Actividades custodia

Eliminación de especies exóticas invasoras

ACTIVIDADE TIPO: Voluntariado ambiental e sensibilización

ENTIDADE RESPONSÁBEL: ADEGA

LUGAR E DATA(S): Monte da Fraga; 14 de febreiro, 23 de novembro.

PARTICIPACIÓN TOTAL: 15

Estas xornadas contaron con grupos reducidos pero con moitas ganas de aprender sobre ecoloxía, natureza e medio ambiente e axudar a que o entorno da Universidade sexa un lugar máis agradable.

A actividade iniciouse cunha primeira explicación dos obxectivos (eliminación e debilitación da flora invasora), para o cal se introduciron as diferenzas entre plantas autóctonas, exóticas e exóticas invasoras.

Unha vez xa na zona de traballo realizáronse distintas actividades:

- Debilitación de tocos de eucalipto co uso dunha técnica natural con allo e arxila.
- Desechado de cortaderia mediante cobertura cunha lona.
- Eliminación da cortaderia xa seca, grazas a accións previas.



NAMÓRATE DA NATUREZA
PARTICIPANDO NA ELIMINACIÓN DE ESPECIES EXÓTICAS INVASORAS!



- LUGAR: MONTE DA FRAGA
- DATA: 14 DE FEBREIRO
- HORA: 10:00
- CONTACTO E INSCRICIÓN:
itziar@adega.gal 699217310
- PUNTO DE ENCONTRO:
FACULTADE DE CIENCIAS
(A ZAPATEIRA)

Actividade englobada na acción simultánea de "Cousa de Raíces"

Recoñecemento de créditos para o estudiantado de grado



04. Actividades custodia

Proxecto Ríos

ACTIVIDADE TIPO: Voluntariado ambiental e sensibilización
ENTIDADE RESPONSÁBEL: ADEGA
LUGAR E DATA(S): río Lagar, fronte a F. Economía e Empresa;
29 e 31 de marzo, 24 de novembro.
PARTICIPACIÓN TOTAL: 81

O Proxecto Ríos é un programa de educación e voluntariado ambiental, que na UDC se concreta nunha inspección do río Lagar ao seu paso polo campus de Elviña. O río Lagar foi adoptado pola OMA-UDC neste treito, onde desenvolve as campañas de seguimento de primavera e outono. As inspeccións consisten na toma bianual de datos físico-químicos e biolóxicos para o control da calidade do ecosistema fluvial. Empregouse o bioindicador de macroinvertebrados como índice de calidade, obtendo en ambos casos un resultado de “calidade moderada”.



Mércores 29 de marzo, 11:00h.



proxecto
ríos



Inspección de primavera no río Lagar ao seu paso polo Campus de Elviña
Inscripcións: oma2@udc.gal | 881 01 56 26
Mais info: https://www.udc.es/gli/sociedade/medio_ambiente/
Actividade suxeita ao recoñecemento de créditos para estudiantado de grao da UDC (10/10 horas)



04. Actividades custodia



Entrega de premios da II Edición do Concurso de fotografía: Flora e Fauna na contorna da UDC

ACTIVIDADE TIPO: Sensibilización ambiental.

ENTIDADE RESPONSÁBEL: Green Campus Ciencias.

LUGAR E DATA(S): F. Ciencias, 5 de xuño.

PARTICIPACIÓN TOTAL: 13

A biodiversidade do Monte da Fraga foi de novo capturada polos obxectivos das cámaras de alumnado e persoal laboral da UDC, cun total de 60 fotografías presentadas á II Edición do Concurso Flora e Fauna na contorna da UDC.

O 5 de xuño, Día do Medio Ambiente, convocouse ás participantes e á comunidade en xeral á entrega de premios. Así mesmo, habilitouse unha exposición con algunhas das fotografías, que estiveron expostas ao longo do mes de abril na F. Ciencias.



XVI Limpeza Simultánea de Ríos: Limpeza do río Lagar

ACTIVIDADE TIPO: Voluntariado ambiental e sensibilización

ENTIDADE RESPONSÁBEL: OMA

LUGAR E DATA(S): río Lagar, fronte a F. Economía e Empresa, 22 de setembro.

PARTICIPACIÓN TOTAL: 2

Neste día de choiva o pequeno grupo de voluntariado tivo a sorte de que xusto no momento da actividade escampou. Deste xeito, puideron poñerse mans á obra contribuindo nesta acción coordinada en múltiples puntos da xeografía galega.

Aínda que o río Lagar ao seu paso polo campus conta con servizo de xardinería que se encarga da limpeza e recollida das papeleiras localizadas nas marxes e semella limpo, na actividade encheuse de lixo unha bolsa de 10L. O residuo máis abundante foron as cabichas, que en volume enchían un vaso de 250mL, pero en nº eran moitas!



04. Actividades custodia

Ilustración da natureza no MdF

ACTIVIDADE TIPO: Obradoiro

ENTIDADE RESPONSÁBEL: GN Hábitat

LUGAR E DATA(S): Praza da Fraga, 25 setembro

PARTICIPACIÓN TOTAL: 25

Un ano máis, o éxito de convocatoria e a satisfacción de participación acompañaron á xornada práctica de aproximación á flora e fauna silvestres do MdF a través do debuxo.

As persoas participantes puideron aprender técnicas e recomendacións básicas para os primeiros pasos no mundo da ilustración da natureza, unha fermosa aliada para o coñecemento da biodiversidade. Ademais, a boa meteoroloxía permitiu que o obradoiro se desenvolvese no exterior, enchendo de vida a Praza da Fraga



04. Actividades custodia

Limpeza do entorno natural do MdF

ACTIVIDADE TIPO: Voluntariado ambiental e sensibilización

ENTIDADE RESPONSÁBEL: ADEGA

LUGAR E DATA(S): Monte da Fraga, 10 de outubro

PARTICIPACIÓN TOTAL: 3

Nesta actividade combináronse a descuberta e apreciación da natureza, mediante un roteiro polo Monte da Fraga, cunha acción de voluntariado e concienciación que consistiu na retirada do lixo que accidental ou deliberadamente remata na nosa contorna natural, xerando un impacto negativo onde se deposita. Ademais, existe o risco de ser arrastrado pola chuvia ata outros ecosistema aínda máis fráxiles, como ríos e mares.

O pequeno grupo activista non atopou grandes voluminosos, mais si lixo que de ningún xeito debera de estar nos espazos naturais.




IX OUTUBRO UDC SAUDABLE

LIMPEZA DO ENTORNO NATURAL DO MONTE DA FRAGA
10 DE OUTUBRO

Programa:

- 11.00h Encontro na porta da Fac de Ciencias (A Zapateira)
- 11.10h Breve presentación Roteiro polo Monte da Fraga para recoller o lixo.
- 13.00h Remate da actividade

Se non podes estar no horario completo anótate igual e indica a túa dispoñibilidade.
(Mínimo 1h)



Concello de Fraga
UDC Saudable
Oficina de Medio Ambiente
UNIVERSIDADE DA CORUÑA

VIII Semana dos Cogomelos


ACTIVIDADE TIPO: Exposición

ENTIDADE RESPONSÁBEL: UDC Bigbang

LUGAR E DATA(S): F. Ciencias, do 23 ao 25 de outubro.

PARTICIPACIÓN TOTAL: 200.

Entre 150 e 200 persoas pasaron polo vestíbulo da Facultade de Ciencias para ver esta nova edición da exposición, a cal contaba con máis de 100 especies de cogomelos recollidos no Monte da Fraga e na súa contorna, cada un deles coa súa tarxeta identificativa (nome científico, características, comestibilidade...).



Saída de campo e identificación de fungos no MdF

ACTIVIDADE TIPO: Saída de campo

ENTIDADE RESPONSÁBEL: UDC Big-bang

LUGAR E DATA(S): Monte da Fraga, 25 de outubro.

PARTICIPACIÓN TOTAL: 20.

Trátase dunha actividade que desenvolveu a Asociación UDC Big-Bang coa colaboración de profesorado da UDC experto na materia. Un ano máis realizaron unha saída de campo moi exitosa, tanto na convocatória como na cantidade e diversidade de fungos identificados.



VIII SEMANA DOS COGOMELOS NA UDC

23 a 25 de outubro:

Exposición de cogomelos colaborativa

na Facultade de Ciencias (vestíbulo da cafetería)
Exposición virtual en [instagram.com/udcbigbang](https://www.instagram.com/udcbigbang) e en [udcbigbang.org](https://www.udcbigbang.org)

25 de outubro de 10:00 a 13:00:

Saída de campo polo Monte da Fraga con identificación de fungos no campo

Obradoiro de identificación e saída guiada


Plazas limitadas

Inscríbete na actividade en udcbigbangdivulgacion@gmail.com
(con nome completo)

Organizan:



Financia:



04. Actividades custodia



**Roteiro do Monte da Fraga:
Comunicar o patrimonio para un
turismo responsable**

25 de outubro

16:00h. **Charla-debate** dinamizada pola Prof. María Elvira Lezcano González, especialista en planificación e xestión de itinerarios turísticos.

17:00h. **Roteiro interpretado** polo Monte da Fraga (M. Elvira Lezcano e OMA-UDC).

Sendero azul
Galardón Sendeiro Azul 2023

IX Outubro UDC Saudable
Turismo Saudable, Sostible e Inclusivo

INSCRIPCIÓNS
www.oma.unicoruna.es/maestro
info@oma2.udc.es | T. 981.5626

Oficina de Medio Ambiente
UNIVERSIDADE DA CORUÑA

Green-Campus
Facultade de Filoxía
e Turismo

Asesoramento de A Coruña
Consello de Europa



Roteiro con debate: Turismo responsable

ACTIVIDADE TIPO: Roteiro

ENTIDADE RESPONSÁBEL: OMA

LUGAR E DATA(S): F. Filoxía e Turismo e Monte da Fraga, 25 de outubro.

PARTICIPACIÓN TOTAL: 7

No ano 2023 o Roteiro do Monte da Fraga foi galardoado coa Bandeira Sendeiro Azul, outorgada pola ADEAC (Asociación de Educación Ambiental e do Consumidor). A actividade buscou poñer en valor este recoñecemento, e consistiu nunha charla-debate sobre a necesidade dun turismo responsable (saudable, sostible, inclusivo), e a interpretación do patrimonio como forma de comunicación para traballar baixo esta filosofía.

Así mesmo, organizouse un paseo comentado polo Monte da Fraga co obxecto, non só de percorrelo e desfrutalo, senón de facer unha valoración crítica do seu achegamento aos distintos tipos de público.

04. Actividades custodia



*Obradoiro de montaxe de caixas
niño e refuxios de fauna no
Monte da Fraga*

Xoves
26 de outubro do 2023
De 16 a 18h.

Información e inscricións en gnhabitat.org

Oficina de Medio Ambiente
UNIVERSIDADE DA CORUÑA

Grupo Naturalista
Hábitat

Ayuntamiento de A Coruña
Concello da Coruña

UDC Saudable

Montaxe de caixas niño e refuxios de fauna

ACTIVIDADE TIPO: Obradoiro

ENTIDADE RESPONSÁBEL: GN Hábitat

LUGAR E DATA(S): ETSAC, 26 de outubro.

PARTICIPACIÓN TOTAL: 21

A promoción da biodiversidade en espazos naturais é unha acción ecoloxicamente beneficiosa e os refuxios e as caixas niño, correctamente elaborados, instalados e mantidos, supoñen uns grandes aliados para este fin, pois poden axudar a suplir a escaseza de acubillos naturais. Ademais, facilitan a posta en marcha de estudos científicos e permiten o establecemento de certas especies beneficiosas (fauna útil) nun espazo determinado, optimizando a biodiversidade da contorna. Este obradoiro de elaboración de caixas niño levouse a cabo co obxectivo de dar a coñecer a importancia destas estruturas, ensinando ás persoas participantes como elaborar un de seu e mostrando como debe levarse a cabo a súa colocación.

Baño de bosque

ACTIVIDADE TIPO: Obradoiro

ENTIDADE RESPONSÁBEL: Amarelas, Turismo e Lecer en Galicia

LUGAR E DATA(S): Praza da Fraga, 10 de novembro.

PARTICIPACIÓN TOTAL: 10

O baño de bosque ou *Shinrin-yoku* é unha práctica orixinaria de Xapón que permite baixar o ritmo, espertar os sentidos e relaxarse, conectando coa natureza dun xeito que poucas veces nos permitimos.

As actividades estiveron guiadas por unha experta certificada por tres institucións importantes na materia (*Forest Therapy Institute, Deutsche Akademie für Waldbaden e Association of Nature & Forest Therapy*) e as persoas participantes puideron experimentar o entorno do Monte da Fraga dun xeito ben distinto.



BAÑO DE BOSQUE

MONTE DA FRAGA - UDC



INSCRIPCIÓNS    

+INFO: OMA2@UDC.GAL

10 NOV.
12:00 - 14:00

https://www.udc.es/sociedade/medio_ambiente/

 AMARELAS
Oficina de Medio Ambiente
UNIVERSIDADE DA CORUÑA

 UNIVERSIDADE DA CORUÑA



04. Actividades custodia

Reparación de valados

ACTIVIDADE TIPO: Obradoiro

ENTIDADE RESPONSÁBEL: ADEGA

LUGAR E DATA(S): Monte da Fraga, 23 de novembro.

PARTICIPACIÓN TOTAL: 10

Este ano continuouse coas actividades de reparación dos valados de pedra seca do Monte da Fraga, iniciadas no 2022. Trátase dunha actividade de coidado do patrimonio cultural e ambiental galego, pois os valados de pedra considéranse un elemento característico das paisaxes rurais, ao tempo que constitúen pezas de gran importancia na conservación da biodiversidade, proporcionando acubillo a multitude de especies. As persoas participantes mobilizaron os seus corpos nesta acción de voluntariado que conseguiu reparar un anaco de valado que ficaba totalmente destruído.



VOLUNTARIADO NO MONTE DA FRAGA

Punto de encontro para todas as actividades:
Praza da Fac. de Ciencias LA Zapateira

Actividades :

- **Martes 14 de novembro : Eliminación de flora exótica invasora 11:00-13:00h**
- **Martes 14 de novembro : Reparación do valado do Monte da Fraga 16:00-18:00h**
- **Xoves 23 de novembro : Reparación do valado do Monte da Fraga 11:00-13:00h**
- **Xoves 23 de novembro : Eliminación de flora exótica invasora 16:00-18:00h**
- **Mécores 29 de novembro : Traballos de mantemento da charca da UDC 11:00-13:00h**

É necesario anotarse ás actividades para poder participar nas mesmas...

Para máis información:
lizar@adega.gal

Se non podes estar no horario e comentes o motivo (prexunto e tónico e tua discapacidade tónico in).

INSCRÍBETE



04. Actividades custodia

Descuberta de biodiversidade do MdF

ACTIVIDADE TIPO: Roteiro

ENTIDADE RESPONSÁBEL: GN Hábitat

LUGAR E DATA(S): Monte da Fraga, 2 de decembro.

PARTICIPACIÓN TOTAL: 21

A biodiversidade que se agocha no Monte da Fraga é unha das principais características que contribúen ao seu valor ecolóxico. Neste caso, a equipa de GN Hábitat guiou ao grupo na descuberta e identificación das múltiples formas de vida, tanto vexetal como animal, que se amosan nesta época outonal-invernal.



05. Traballos mantemento

Alén das xornadas de voluntariado nas cales as persoas voluntarias se implican no coñecemento, coidado e custodia do Monte da Fraga, hai certas tarefas de traballo técnico que foron realizadas por entidades profesionais, sen convocatoria pública, así como os informes sectoriais que complementan esta memoria.

Revisión e mantemento dos refuxios de fauna

No ano 2020 instaláronse os primeiros refuxios de fauna no Monte da Fraga. A súa presenza favorece a instalación de fauna “útil” no bosque, mais ao seren elementos artificiais elaborados *ad hoc*, precisan dun seguimento e revisión periódica, que permita determinar o seu grao de ocupación/uso por parte da fauna, ao tempo que facer as necesarias tarefas de limpeza, desifección e mantemento. No ano 2023, estas accións foron levadas a cabo os días 21 e 22 de decembro por membros do Grupo Naturalista Hábitat. Comprobouse que os niños de paseriformes gozaban dunha grande ocupación, e identificáronse aspectos de mellora para favorecer a ocupación doutros tipos de refuxios.




05. Traballos mantemento

Experiencia de fototrampeo

A técnica do fototrampeo consiste na instalación no medio natural de cámaras automáticas, dotadas de luz infravermella e sensores de movemento, destinadas ao rexistro das especies silvestres mediante imaxes e sons. Trátase dunha práctica eficaz e non invasiva nos estudos de campo, que chega a ter utilidade na avaliación dos patróns de actividade e de uso do hábitat por parte da fauna.

No 2023 púxose en práctica esta técnica por primeira vez no Monte da Fraga, de modo que durante 41 días de investigación, a totalidade de vídeos con rexistros de fauna permitiron detectar 11 taxóns diferentes (7 especies de mamíferos e 4 especies de aves), correspondentes a 5 ordes taxonómicas. Deste xeito, podería inferirse que a cifra de especies detectada é modesta, mais debe terse en consideración que esta experiencia tivo unha temporalidade restrinxida e, de continuar as tarefas, con seguridade o volume de taxóns identificables iría en aumento.



05. Traballos mantemento

Intervención paisaxística con deseño en Permacultura no MdF


Durante o ano 2023 iniciáronse as obras para a posta en marcha dun novo espazo de hortas dispoñible para a comunidade universitaria da UDC, na área próxima á F. Filloxía e Turismo, onde comeza o Monte da Fraga. Esta acción configúrase dende unha perspectiva permacultural e busca xerar un novo ecosistema integrado ecoloxicamente co monte, ao tempo que permite habilitar novos espazos de horta, promovendo a implicación da comunidade universitaria na soberanía alimentaria e fomentando os espazos de interacción comunitarios. Así mesmo, destaca neste proxecto o tratamento das augas, pois incorpora unha zona de infiltración e captación para aproveitar a auga da chuvia para infiltración e hidratación dos bancais, asegurando o aproveitamento hídrico agroecolóxico.



06. Resultados e participación

A participación da comunidade universitaria e do público xeral procedente da cidade da Coruña en actividades relacionadas co Monte da Fraga acadou unhas cifras de asistencia semellantes ás de cursos anteriores, con 217 persoas participantes (195 en 2022 e 240 en 2021). A estas cifras cómpre engadirlle as visitas libres á exposición de cogomelos durante unha semana (150-200 persoas), e o persoal que desenvolveu o traballo técnico.

Así mesmo, cómpre anotar que as accións de sensibilización e voluntariado ambiental e a de xestión ecolóxica do monte estiveron supervisadas pola OMA-UDC, realizando visitas periódicas ao espazo para a detección de necesidades e propostas de melloras, e como complemento das accións das entidades de custodia, a Asociación ecoloxista ADEGA e o Grupo Naturalista Hábitat





https://www.udc.es/gal/sociedade/medio_ambiente/oma@udc.gal | 981 167 000 Ext. 5688; 5626

MEMORIA DE ACTIVIDADES, AÑO 2023

Ref.: CONVENIO SECTORIAL DE COLABORACIÓN ENTRE A CONCELLARÍA DE MEDIO AMBIENTE DO CONCELLO DA CORUÑA E OFICINA DE MEDIO AMBIENTE DA UNIVERSIDADE DA CORUÑA PARA A EXECUCIÓN DO PROXECTO DE CUSTODIA E VOLUNTARIADO AMBIENTAL NO MONTE DA FRAGA, NO AÑO 2023.



Oficina de Medio Ambiente
UNIVERSIDADE DA CORUÑA

